

ANEXO II

Don/Dona, NIF....., declara, baixo a súa responsabilidade, para os efectos da súa baremación na fase de concurso do proceso selectivo para o ingreso pola quenda de promoción interna no corpo administrativo da Xunta de Galicia (grupo C), que superou o proceso selectivo.....convocado pola Orde....., diario oficial/boletín núm

En, de de 2008.

Resolución do 21 de maio de 2008, do tribunal designado para cualificar o proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de promoción interna, no corpo superior da Administración da Xunta de Galicia (grupo A), convocado pola Orde do 4 de outubro de 2007 desta consellería.

Na sesión que tivo lugar o día 20 de maio de 2008, o tribunal nomeado pola Orde do 25 de febreiro de 2008 (DOG número 195, do 8 de outubro), e modificado polas ordes do 2 de abril de 2008 (DOG nº 66, do 7 de abril) e do 12 de maio de 2008 (DOG nº 92, do 14 de maio), de conformidade co disposto nas bases da convocatoria,

ACORDOU:

Primeiro.-Comunicar que o segundo exercicio da fase de oposición do proceso selectivo terá lugar o día 5 de xuño de 2008, nas aulas 11 e 17 da Escola Galega de Administración Pública, sita no polígono das Fontiñas, rúa Madrid, 2-4, Santiago de Compostela, en chamamento único que se iniciará ás 16.30 horas.

Segundo.-A distribución dos/as aspirantes por aulas será a seguinte:

-Na aula 11 os/as aspirantes cuxos apelidos estean comprendidos entre Díaz López, Manuel e Rábade Pallares, Ángel, ambos incluídos.

-Na aula 17 os/as aspirantes cuxos apelidos estean comprendidos entre Rajoy González, Rosa María e Cortiñas Fernández, Silvia, ambos incluídos.

Terceiro.-Os/as aspirantes deberán presentarse provistos/as de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, ao xuízo do tribunal. Así mesmo, deberán ir provistos/as de bolígrafo.

Cuarto.-Non se permitirá no recinto onde se realice o exercicio o acceso e a tenza de teléfonos móbiles, axendas ou demais dispositivos de carácter elec-

trónico. Advírtese que non haberá servizo de recollida de teléfonos móbiles.

Quinto.-De conformidade co disposto na base II.1.1.2 da convocatoria, para a realización deste exercicio os/as aspirantes poderán ir provistos de textos legais sen comentarios, entendéndose por tales as explicacións que, a pé de páxina, se refiran a interpretacións doutrinais ou xurisprudenciais do precepto comentado, incluídas as referencias a outros preceptos legais cos que estivese relacionado; así mesmo, exclúense os libros de consulta.

Lugo, 21 de maio de 2008.

Marta Pérez López
Presidenta do tribunal

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Anuncio do 21 de maio de 2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, polo que se comunica a publicación das puntuacións provisionais e a relación de excluídos do baremo aberto polo Anuncio do 11 de marzo de 2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, polo que se comunica a apertura do prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións para impartir docencia en diversas especialidades na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (Diario Oficial de Galicia do 14 de marzo de 2008).

Rematado o prazo para presentar a instancia solicitude e realizada a baremación dos méritos, procédese á publicación das puntuacións provisionais e a relación de excluídos no taboleiro de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, das delegacións provinciais e na páxina web desta consellería.

En consecuencia, esta secretaría xeral

RESOLVE:

Primeiro.-Facer público na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nas delegacións provinciais e na páxina web desta consellería (<http://www.edu.xunta.es> profesorado/interinos-substitutos) as puntuacións provisionais e a relación de excluídos do baremo para prazas de interinidades e substitucións como profesores no corpo de profesores de profesores de música e artes escénicas, diversas especialidades na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.

Segundo.-Publicar a relación de excluídos no anexo deste anuncio.

Terceiro.-Contra estas puntuacións provisionais poderá interpoñerse reclamación no prazo de dez días naturais, a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG, ante o secretario xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2008.

Benito Fernández Rodríguez
Secretario xeral da Consellería de Educación
e Ordenación Universitaria

ANEXO

Especialidade: 448 Espazo escénico

Listado de excluídos	Causa de exclusión
Brito, Gustavo Hernan	A titulación alegada non se corresponde coas bases da convocatoria
Spencer Hartman, Ricardo S.	A titulación alegada non se corresponde coas bases da convocatoria
Bernal Tena, Juan Antonio	Non achega proxecto docente
Nevado Moreno, Francisco	O seu proxecto docente non acadada a cualificación de 5.00 puntos
Díez San José, Alonso	O seu proxecto docente non acadada a cualificación de 5.00 puntos

Especialidade: 442 Caracterización e indumentaria

Listado de excluídos	Causa de exclusión
Nevado Moreno, Francisco	O seu proxecto docente non acadada a cualificación de 5.00 puntos
Brito, Gustavo Hernan	A titulación alegada non se corresponde coas bases da convocatoria
Spencer Hartman, Ricardo S.	A titulación alegada non se corresponde coas bases da convocatoria
Bernal Tena, Juan Antonio	Non achega proxecto docente

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Orde do 5 de maio de 2008 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión dun posto de persoal directivo vacante no Complexo Hospitalario de Ourense.

De conformidade co establecido no artigo 59 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG nº 145, do 29 de xullo), de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, e en uso das atribucións conferidas a esta consellería,

DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, o posto de traballo que se indica no anexo I.

Segundo.-As retribucións fixas do posto ofertado serán as que correspondan de acordo coa orde pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica vixente. Respecto das retribucións variables, serán establecidas con base no cumprimento anual de obxectivos previamente pactados para cada posto directivo cos órganos competentes do Servizo Galego de Saúde.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria poderán presentarse no rexistro xeral da Consellería de Sanidade, no das súas delegacións provinciais ou en calquera das direccións provinciais do Sergas, ademais de nas oficinas previstas no artigo 38.4º da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Os interesados deberán presentar, xunto co modelo de solicitude do anexo II, un *curriculum vitae* e xustificar, mediante certificación ou copia compulsada, os méritos que nel aleguen.

Cuarto.-Cumpridos os trámites previstos no dito decreto, a resolución desta convocatoria farase pública no *Diario Oficial de Galicia*, podéndose declarar deserto o cargo directivo ofertado.

Quinto.-Consonte os artigos 59 e 60 do citado Decreto 206/2005, a forma de provisión das prazas ofertadas será o nomeamento de carácter administrativo para o persoal estatutario ou funcionario con vínculo de fixeza ao servizo de calquera Administración pública, pertencente ao grupo de clasificación que se corresponda co nivel académico que se require para cada posto directivo e que se especifica para cada un dos postos relacionados no anexo I.

Sexto.-Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante este mesmo órgano, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación. De non estimar a interposición deste recurso, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o xulgado do contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2008.

Mª José Rubio Vidal
Conselleira de Sanidade

ANEXO I

Denominación do posto: subdirector de Enfermaría.
Titulación requirida: diplomado sanitario.
Centro directivo: Complexo Hospitalario de Ourense.
Localidade: Ourense.